

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

RESOLUCIÓN do 2 de novembro de 2018 pola que se dá publicidade da axuda concedida ao abeiro da Orde do 5 de setembro de 2018 pola que se crea o Premio á innovación bibliotecaria de Galicia e se convoca para o ano 2018.

O artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece a obrigatorioidade de publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención. Así mesmo, segundo o artigo 17 da orde de convocatoria desta resolución, publicarase no DOG, no portal da Rede de bibliotecas de Galicia (<https://rbgalicia.xunta.gal>) e na páxina web oficial da Secretaría Xeral de Cultura (<https://www.cultura.gal>). Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

RESOLVO:

Facer pública a concesión do Premio á innovación bibliotecaria de Galicia 2018 ao Concello de Camariñas polo proxecto da súa biblioteca municipal O Berberecho rebecho viaxa a La Turballe ao abeiro da Orde do 5 de setembro de 2018 pola que se crea o Premio á innovación bibliotecaria de Galicia e se convoca para o ano 2018 (procedemento CT237A). A dita axuda foi aprobada con cargo á aplicación orzamentaria 2018 10 20 432A 7604, proxecto 2015 00352, cun crédito orzamentario para o ano 2018 de tres mil euros (3.000 €).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben impugnarse directamente a través do recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde a mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. En todo caso, non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2018

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura e Turismo

CVE-DOG: qtxkunt1-w4j9-aqv9-dqn8-mrlrnwmx2p9

